



Ciencia
con C de
CINbio

SETEMBRO 2022

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



XERENCIA CINBIO

Posta en marcha de lectores de tarxetas en laboratorios comúns no M4, M5, Raman, Sala de láseres (M2) e nas oficinas do Persoal Técnico de Apoio (M1).

En proceso de adquisición de grandes infraestructuras de investigación:

- Espectrofotómetro de dicroísmo circular completo, incluíndo detección no IR cercano e de fluorescencia polarizadacircularmente
- LABstar Glove Box Workstation, (MB-10-G Gas Compact Purification)
- Cámara de infravermellos de altas prestacións
- Equipo para automatizar a detección e cuantificación de proteínas (Western Blot)
- ICCS Catalyst Characterization

Licitación da adquisición de equipos de protección colectiva (2ª fase): vitrinas de M4 e M5

Curso de formación de microscopia


Inicio do proceso de refrixeración da sala de residuos e reactivos por cuestións de seguridade e protección

Reparación do equipo da sala de audiovisuais

Melloras no laboratorio común do M4 para a instalación de equipos ópticos.

VISITA DO COMITÉ ASESOR EXTERNO (CAE)

O pasado 16 de setembro varios membros do noso Comité Asesor Externo (CAE) visitaron o CINBIO, continuando co proceso de avaliación e mellora constante do centro. Marisol Soengas (CNIO), Jesús Jiménez Barbero (CIC biomaGUNE) e Xing Yi Ling (Nanyang Technological University- Singapore) visitáronnos presencialmente mentres que Bruno Chaudret (CNRS) e Francesco Stellacci (EPFL) uníronse á avaliación de maneira online. Tamén participou Belén Rubio, Vicerreitora de Investigación da Universidade de Vigo.



A RAGC RECOÑECE A TRAXECTORIA DE ISABEL PASTORIZA COA MEDALLA DE INVESTIGACIÓN 2022

Parabéns á nosa investigadora Isabel Pastoriza, unha das galardoadas coa Medalla de Investigación 2022 da Real Academia Galega de Ciencias. Concretamente, a medalla Antonio Casares Rodríguez da sección de Química e Xeoloxía polos seus méritos no desenvolvemento de proxectos científicos.


O acto de entrega desta distinción celebrarase o 6 de outubro.






TESE CATARINA BRANCO

O pasado 9 de setembro, Catarina Branco do grupo Computational Molecular Evolution (CME) presentou a súa tese de doutoramento baixo o título "Influence of the last glacial period on the genetic diversity of modern humans."



MAURO LAGO NO DUVI

O DUVI fíxose eco da tese de Mauro Lago sobre a hipertensión arterial pulmonar que foi presentada en xaneiro e realizada no Laboratorio de Enfermidades Raras



XING YI LING NO CINBIO SEMINAR PROGRAMME

Dende a Nanyang Technological University (Singapore), a investigadora realizou o seu seminario "Synergizing SERS with machine learning for emerging applications."




PROXECTO FOODSENS

O 21 de setembro celebrouse a xornada final do proxecto FOODSENS en ANFACO-CECOPECA, na que participou Jorge Pérez Juste de FunNanoBio




GALICIA BIODAYS

O 22 e 23 de setembro celebráronse os Galicia Biodays (Bioga) nos que o investigador Moisés Pérez Lorenzo (TeamNanoTech) ofreceu a charla "Implementación de Lentes de Contacto Plasmónicas como Plataformas de Muestreo y Análisis de Biomarcadores en Lágrima."



II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CINBIO

Ana Campos Ríos (Neurociencia) foi a gañadora do concurso de Fotografía CINBIO. Xa podes comprobar os nomes dos finalistas na nosa [web](#).




A BATALLA INMUNITARIA

O grupo de Inmunoloxía loita contra o cancro de páncreas a través do desenvolvemento dunha vacina para evitar o crecemento deste tipo de tumor. África González e Rosana Simón protagonizan esta reportaxe de GCiencia,



MOVEMENTOS DE OLLOS BÁSICOS EN LAMPREA E SERES HUMANOS

Varios medios fixéronse eco da investigación liderada por Juan Pérez Fernández e publicada en Nature Communications: "Conserved subcortical processing in visuo-vestibular gaze control"




HIDRATOS DE GAS COMO FONTE ALTERNATIVA DE ENERXÍA

O proxecto "Simulación de materiais de hidratos de gas para recuperación de metano e almacenamento de CO₂ e hidróxeno" do grupo de Física Aplicada protagoniza esta reportaxe de GCiencia.




XORNADA DE TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

O venres 30 de setembro celebrouse unha xornada para o #teamCINBIO na que se analizaron os resultados de investigación así como os puntos máis importantes de estratexia de centro cara a futuro.



CIENTIFIS

Lembramos ao persoal CINBIO que temos a súa disposición o software de xestión CIENTIFIS, onde poden acceder online e actualizar o seu CV, proxectos e info de grupo, actualizándose de forma automática en cinbio.es.



NOVAS, PUBLICACIÓNS, EMPREGO...

Mantente ao día de todo o que ocorre no centro (novas, últimas publicacións, ofertas de emprego abertas, eventos...). Todas as novidades están na nosa web: cinbio.es

PREVISIONS OUTUBRO 2022



Un ano máis, o CINBIO celebra o seu ciclo "Ciencia con C de CINBIO" cos obxectivos de dar a coñecer ao público xeral as investigacións e a ciencia que se está a levar a cabo na actualidade no centro, dando visibilidade ao traballo diario do #teamCINBIO. Con todas estas actividades, o CINBIO quere compartir un ano máis a ciencia coa sociedade en xeral, para que calquera persoa poda acceder de primeira man ao proceso de xeración de coñecemento na investigación. Así, realizaremos diferentes actividades:

CIENCIA NA RÚA

7 de OUTUBRO, 16.30h - 20.30h - Carpa a pé de rúa en Vigo (rúa do Príncipe).

10 de OUTUBRO, 16.30h - 20.30h - Carpa a pé de rúa en Paseo de Ourense (Ourense).

Como o ano pasado, a carpa estará montada de 16:30h a 20:30h con persoal do #teamCINBIO informando sobre o centro e ofrecendo pasatempos: minixincana científica, xogos de preguntas, etc. cuxos gañadores/as levaranse diferentes agasallos. Ademais, na na carpa de Ourense haberá tamén experimentos *in situ*.

PORTAS ABERTAS

14 de OUTUBRO, 16.30h - 20.00h - Xornada de portas abertas no centro + gravación do programa *Efervescencia*

O 14 de outubro pola tarde (arredor das 16h - 16.30h) será o día que o centro abra as súas portas para unha visita dirixida ao público xeral. Arredor de 70 persoas poderán visitar os distintos laboratorios e participar nalgúns experimentos organizados polas nosas investigadoras e investigadores.

Inscripcións e máis info en <https://cinbio.es/cienciaconcddecinbio/>

OUTUBRO, 2022

OBRADOIROS EN INSTITUTOS

Datas: 27, 28, 29 e 30 septiembre, 3, 5, 11, 14, 18 e 24 octubre

CINBIO está a organizar obradoiros científicos de balde en centros tales como o IES Valadares, IES A Guía, IES Beade, IES Rosais 2 e ata 14 institutos públicos. Con eles búscase dar visibilidade ao labor dos investigadores e investigadoras e fomentar as vocacións científicas entre o alumnado.



OBRADOIROS PARA MAIORES 65

Datas: Obradoiros 3 e 4, visita o 7

Posta en valor da ciencia e do labor investigador, a través da realización de obradoiros científicos sinxelos arredor do zume e da cosmética. Ademais, estas 25 persoas visitarán o centro de investigación o **venres 7 de outubro** para coñecer en profundidade como funciona un entro de investigación, visitar un laboratorio e coñecer o traballo de investigación que se realiza o CINBIO así como charlar con persoal do #teamCINBIO.



PREVISIONS OUTUBRO 2022

FORMACIÓN

- **"Developing skills in scientific writing"**. Datas: 19, 20 e 21 de outubro, 2022 (9:00 - 14:00 h).
- **"Cómo divulgar tu proyecto científico en un vídeo para redes sociales"**. Datas: 24, 25 e 26 de outubro, 2022 (9:00 - 14:00 h).

O **Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur** celebrará nas instalacións do CINBIO (Sala de Seminarios e Sala de Audiovisuais CACTI - CINBIO) estes dous cursos de formación nos que poderá participar o persoal CINBIO.

Necesaria inscrición.

CINBIO SEMINAR PROGRAMME



18 OCTUBRE - "Emission control of lanthanide-doped nanoparticles and their multifaceted application" - Artiom Skripka (Lawrence Berkeley National Laboratory & Universidad Autónoma de Madrid)

Lanthanide (Ln³⁺)-doped nanoparticles (LnNPs) are explored as imaging probes, sensors, and actuators of secondary photochemical processes. Their photophysical properties allow for light emission across a broad spectral range even under a single near-infrared (NIR) laser irradiation. Most prominently, by virtue of sequential energy accumulation, Ln³⁺ ions embedded into an inorganic host matrix convert low-energy NIR excitation into high-energy visible emission, the so-called upconversion. Combined with core/shell engineering, specific emission wavelengths are attained for different applications. We investigate LnNPs of different compositions and architectures aiming at a rational control of energy exchange pathways between Ln³⁺ ions and consequently of their emission. Of particular interest are LnNP sensitivity to temperature[1], on-demand control between Stokes-shifted and upconversion emission[2], and highly-nonlinear processes such as photon avalanching[3]. The latter was observed at the nanoscale only recently, yet quickly gained broad interest in the community and prompted a search for new photon avalanching LnNPs.

11h Sala de Seminarios, CACTI - CINBIO

27 OCTUBRE - Nadezda Panarina - Editor for Advanced Materials

Nadezda Panarina studied physics at the Kazan State University (Russia) and obtained a Ph.D. for her research in the field of high-temperature superconductivity and radio-frequency spectroscopy. During her postdoctoral research as a Marie-Curie fellow she worked on electrical and thermal transport in low-dimensional magnetic systems at the Leibniz Institute for Solid State and Materials Research in Dresden, Germany.

Información pendiente de confirmar



TESSES CINBIO



28 OCTUBRE - "Caracterización da resposta inmunitaria inducida por novas vacinas contra a tuberculose baseada en nanopartículas" - Amparo Martínez Pérez

Nesta tese caracterizouse a resposta inducida en pulmón por dous novas vacinas contra a tuberculose baseadas en nanopartículas, utilizadas como reforzos intranasais tras a inoculación de Bacille Calmette-Guérin nun modelo de rato. Analizáronse e caracterizáronse diferentes poboacións de células inmunitarias mediante citometría de fluxo e RNA-Seq, avaliando os cambios no sistema inmunolóxico e a súa correlación co grao de protección obtido fronte á infección.

12:30h Salón de Graos Facultade de Bioloxía

PREVISIONS OUTUBRO 2022

FALEMOS DE CIENCIA EN IGUALDADE

28 de OUTUBRO - Salón de Actos, Edificio Ciencias Experimentais

"Falemos de ciencia en igualdade": unha xornada na que se destaquen as bondades da comunicación e divulgación de ciencia sempre facendo especial fincapé no uso da perspectiva de xénero, a importancia de visibilizar a muller na ciencia e na investigación. **(Os horarios poden sufrir modificacións).**

- **9.00 - 9.15h** Presentación
- **9.30h** A comunicación en Ciencia: o que non se ve non existe - Pampa García Molina
- **10.30h** Científicas invisibles - Ariana F. Palomo
- **11.30h** Comunicando en igualdade: por que a linguaxe importa - Capitolina Díaz
- **12.30h** Pausa - Café
- **13.00h** Mesa redonda entre as ponentes

NECESARIA INSCRIPCIÓN - <https://cinbio.es/falemosdecienciaenigualdade>

Pampa García Molina

Licenciada en Física, con un máster en periodismo científico por la Universidad Carlos III de Madrid. Es coordinadora y redactora jefa de la Agencia SINC, la primera agencia pública, de ámbito estatal, especializada en información sobre ciencia, tecnología e innovación, en español. Hasta noviembre del 2017 fue miembro de la Junta Directiva de la Asociación Española de Comunicación Científica (AECC). Ha sido redactora de la revista Muy Interesante y la empresa de comunicación científica Divulga; editora de ciencia y tecnología en SM y colaboradora habitual en diversos medios, como El Mundo y La Razón, entre otros. En 2010, ganó el premio de periodismo Accenture.



Capitolina Díaz

Doctora en Sociología, por la Universidad de Londres. Ha trabajado en temas relacionados con la Sociología de la Educación, la Sociología del Género, y en Metodología de las Ciencias Sociales. Ha sido directora de la Unidad de Mujeres y Ciencia, del Ministerio de Educación y Ciencia, entre otros cargos. Actualmente es Profesora Titular en el Departamento de Sociología de la Universidad de Valencia. Entre octubre de 2013 y octubre de 2016 fue Presidenta de AMIT, Asociación de mujeres investigadoras y tecnólogas.


Ariana F. Palomo

Licenciada en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela, Doutoramento en Comunicación e Información. Traballa como farmacéutica e CEO en Ip10 Lab, un laboratorio de dermofarmacia e é investigadora en comunicación. É presidenta da asociación "La Ciencia es Femenino" e Codirectora do programa en cuacfm do mesmo nome; fundadora da radio app "Conectamos" de información e divulgación sanitaria. Actualmente é colaboradora no xornal "La voz de Galicia", con artigos de periodismo científico con perspectiva de xénero.



cinbio

cinbio.es



PO FEDER Galicia 2014-2020
"Unha maneira de facer Europa"